O director deste estudo foi o Prof. Dr. Jesús Varela Mallou, o seu responsable técnico o Prof. Dr. Antonio Rial Boubeta, e os investigadores Sara Álvarez Campo, Teresa Braña Tobío, Olalla Guimarey García, Alicia Montero Durán, Carlos Oliveiral Rodríguez, Iria Pichel Beleiro, Eduardo Picón Prado, Eulogio Real Deus e Tomás Saavedra Castro.

En todo caso, téñase en conta que este estudo se limita aos adolescentes, pois trátase do colectivo máis exposto a risco. No entanto, as recomendacións que se efectúan na parte III deste informe van máis aló deste tramo de idade. Para elas usáronse tamén outras fontes de información, á marxe da reflexión propia e interna desta Institución, que leva xa anos altamente preocupada pola interacción entre menores de idade e Internet.

## 1. Obxectivos

### 1.1. Obxectivos xerais

O estudo estatístico sobre os adolescentes propúxose cunha dobre intención:

a) Por un lado, ten un carácter descritivo, na medida en que a información recollida debe traducirse **nun coñecemento profundo e rigoroso das actitudes, percepcións, crenzas e hábitos de uso de Internet entre os adolescentes galegos**. A realización dun traballo de campo inxente e acorde a criterios metodolóxicos propios da investigación social debe permitir dispoñer de datos válidos e fiables que permitan dimensionar o problema obxecto de estudo.

b) Por outro lado, o estudo tivo un carácter proactivo, na medida en que a información recollida debe servir tamén para o **deseño de novas estratexias de prevención e control** do uso de Internet nun segmento tan complexo como é a poboación adolescente. A súa realización, polo tanto, debe permitir aos responsables públicos identificar algunhas das claves que favorezan unha mellor abordaxe do problema, tanto desde o punto de vista do deseño de campañas de sensibilización e comunicación enfocadas a mozos/as e pais (mensaxes, segmentos diana, *argumentarios* específicos,...), como da proposta de novas medidas de control.

### 1.2. Obxectivos específicos

Dar resposta aos obxectivos xerais sinalados implicou a formulación e abordaxe particular dunha serie de obxectivos específicos, que se mostran a continuación:

**Un:** Avaliar o nivel de coñecemento que os/as mozos/as da nosa Comunidade teñen de Internet, así como as posibles fontes e demandas de información.

**Dous:** Coñecer os hábitos de uso de Internet (frecuencia de uso, tempo habitual de conexión, lugares de conexión, horarios, etc.), así como as principais motivacións de uso.

**Tres:** Identificar as posibles barreiras ou freos para o uso de Internet en determinados segmentos, tentando diferenciar se se trata de motivos técnicos, económicos ou actitudinais.

**Catro:** Cuantificar en que medida os/as mozos/as están a usar ferramentas como o correo electrónico, o messenger ou a cámara web.

**Cinco:** Cuantificar o nivel de coñecemento e utilización das diferentes redes sociais, tales como Facebook, Tuenti, Twitter, ..., así como as posibles motivacións de uso, os contactos, etc.

**Seis:** Profundar nas actitudes e crenzas dos adolescentes con relación a Internet e ás redes sociais.

**Sete:** Dispor de datos estimativos acerca do posible uso perigoso de Internet, no tocante ao tipo de contidos e sitios web aos que se accede, o hábito de baixar ou subir información de carácter persoal na Rede, a utilización de webs de apostas, xogos *on-line*, etc.

**Oito:** Dispor de datos estimativos sobre o posible volume de adolescentes que presentan unha marcada tendencia á ciberdependencia ou adicción a Internet.

**Novo:** Coñecer cal é o papel dos pais con relación ao uso de Internet.

**Dez:** Dispor de datos indirectos acerca da existencia dunha posible fenda dixital entre áreas xeográficas da nosa comunidade.

**Once:** Comprobar en que medida os resultados obtidos poden estar modulados por diferentes variables tales como o xénero, o curso, a titularidade do centro ou, mesmo, a provincia.



## 2. Metodoloxía

### 2.1. Deseño

Desde un punto de vista metodolóxico, para dar conta dos obxectivos sinalados, optouse pola utilización dunha estratexia selectiva, que se **materializou na realización dunha enquisa entre os/as adolescentes que actualmente cursan os seus estudos secundarios (ESO) en centros da comunidade galega, tanto de titularidade pública como privada.**

Para garantir un elevado grao de validez externa ou representatividade dos resultados **o tamaño da mostra fíxose en 2.339 individuos**, o que implica unha marxe de erro de  $\pm 2\%$ . O tamaño da mostra considerado permite ademais garantir uns niveis de potencia estatística adecuados para as estimacións e contrastes a realizar con posterioridade.

Para a selección da mostra utilizouse unha mostraxe bietápica: por conglomerados para a selección das unidades de primeiro nivel (centros), e por cotas, segundo a provincia, curso e titularidade do centro, para a selección das unidades de segundo nivel (individuos). A ficha técnica do estudo recóllese no seguinte cadro:

**Ámbito:** Galicia

**Universo:** Finito (N aproximado: 89.000 mozos que estarían cursando estudos da ESO en centros galegos, segundo os datos publicados pola propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en setembro de 2010).

**Tipo de mostraxe:**

Bietápica. Por conglomerados para a selección das unidades de primeiro nivel (centros a visitar) e por cotas, segundo provincia, curso e titularidade do centro, para a selección das unidades de segundo nivel (individuos).

**Hipótese peor:**  $p=q=0.50$

**Erro máximo desexado a nivel global:**  $\pm 2\%$

**Nivel de significación:**  $\alpha=0.05$

**Tamaño da mostra:** 2.339 individuos

**Recollida da información:** Cuestionario *ad hoc* autoadministrado

**Traballo de campo:** Novembro 2010

**Cadro 1.** Ficha técnica do estudo

Os datos poboacionais considerados, xunto coas cotas mostrais resultantes, recóllense nas táboas 1 e 2, respectivamente.

CENTROS PÚBLICOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
1º y 2º curso ESO	13514	3895	3200	12429	33.038
3ª y 4º curso ESO	11792	3708	2702	10513	28.715
<b>SUBTOTAL</b>	<b>25306</b>	<b>7603</b>	<b>5902</b>	<b>22942</b>	<b>61.753</b>
CENTROS PRIVADOS					
1º y 2º curso ESO	5424	1140	1808	5906	14.278
3ª y 4º curso ESO	5028	1061	1750	5393	13.232
<b>SUBTOTAL</b>	<b>10452</b>	<b>2201</b>	<b>3558</b>	<b>11299</b>	<b>27.510</b>
<b>TOTAL</b>	<b>35.758</b>	<b>9.804</b>	<b>9.460</b>	<b>34.241</b>	<b>89.263</b>

**Táboa 1.** Distribución de datos poboacionais por provincia, curso e titularidade do centro\*

\* **Fonte:** Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.  
*Datos e cifras do ensino non universitario.* Curso 2010-2011.

CENTROS PÚBLICOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
1º y 2º curso ESO	354	101	84	326	865
3ª y 4º curso ESO	310	98	70	276	754
<b>SUBTOTAL</b>	<b>664</b>	<b>199</b>	<b>154</b>	<b>602</b>	<b>1.619</b>
CENTROS PRIVADOS					
1º y 2º curso ESO	142	30	48	154	374
3ª y 4º curso ESO	132	27	46	141	346
<b>SUBTOTAL</b>	<b>274</b>	<b>57</b>	<b>94</b>	<b>295</b>	<b>720</b>
<b>TOTAL</b>	<b>938</b>	<b>256</b>	<b>248</b>	<b>897</b>	<b>2.239</b>

**Táboa 2.** Distribución de datos mostrais por provincia, curso e titularidade do centro


## *2.2. Procedemento*

Para a recollida dos datos seleccionáronse de maneira aleatoria un total de 29 centros (a partir das correspondentes cotas por provincia e titularidade), tanto da costa como do interior de Galicia, e tanto de carácter urbano, como rural e semiurbano. O número inicial de centros cos que se estableceu contacto foi de 34, aínda que a tres deles non lles foi posible participar no estudo por razóns diversas e a dúas non foi preciso acudir por estar cubertas as cotas mostrais establecidas. A pesar de todo, hai que subliñar a boa predisposición atopada a nivel xeral. Os centros nos que se realizou a recollida de datos plásmanse na táboa 3.

PROVINCIA	CENTRO	LOCALIDADE	n	%
A CORUÑA	Colexio La Salle	Santiago de Compostela	101	4.3%
	IES Xelmírez II	Santiago de Compostela	130	5.6%
	CPR Eirís	A Coruña	79	3.4%
	IES Otero Pedrayo	A Coruña	81	3.5%
	CPR Compañía de María	Ferrol	94	4%
	IES Agra de Raíces	Cee	92	3.9%
	IES Fernando Blanco	Cee	45	1.9%
	IES Xulián Magariños	Negreira	85	3.6%
	IES Melide	Melide	76	3.3%
	IES nº 1 Ribeira	Ribeira	155	6.6%
LUGO	IES Daviña Rey	Monforte de Lemos	42	1.8%
	IES Lama das Quendas	Chantada	53	2.3%
	IES Politécnico de Lugo	Lugo	53	2.3%
	IES Dionisio Gamallo Fierros	Ribadeo	51	2.2%
	Colexio Martínez Otero	Foz	28	1.2%
	CPR La Merced	Sarria	29	1.2%
	OURENSE	CPR María Auxiliadora	Ourense	94
IES A Carballeira		Ourense	41	1.8%
IES Allariz		Allariz	60	2.6%
IES Tomás de Lemos		Ribadavia	55	2.4%
PONTEVEDRA	Colexio Martín Codax	Vigo	106	4.5%
	IES Rosais II	Vigo	164	7%
	CPR Los Sauces	Pontevedra	74	3.2%
	IES Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	119	5.1%
	CPR Salesianos A Mercé	Cambados	109	4.7%
	IES Rodeira	Cangas	81	3.5%
	IES Castro Alobre	Vilagracía de Arousa	87	3.7%
	IES Nº 1 A Estrada	A Estrada	72	3.1%
	IES Pintor Colmeiro	Silleda	77	3.3%
	<b>TOTAL</b>		<b>2.339</b>	<b>100%</b>

**Tabla 3.** Centros que participaron no estudo

A distribución xeográfica dos centros recóllese no mapa da Figura 7.



**Figura 7.** Distribución xeográfica dos centros participantes no estudo

Antes de realizar o traballo de campo enviouse á dirección dos centros preseleccionados unha carta certificada, asinada tanto polo Valedor do Pobo, como polo director da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago. Na devandita carta informábase dos obxectivos do estudo e convidábase de

maneira formal a participar no mesmo. Posteriormente, estableceuse contacto telefónico con cada centro co gallo de confirmar a súa participación definitiva, e poñer aos seus responsables ao corrente do procedemento a seguir. Froito destes contactos estableceuse un calendario de visitas, tentando interferir o mínimo posible na actividade docente de cada centro.

A recollida dos datos levouse a cabo mediante a aplicación colectiva dun cuestionario elaborado expresamente para o presente estudo (ver anexo). Os datos foron recollidos nas propias aulas, en grupos reducidos (non máis de 20 individuos) e previa explicación detida das correspondentes instrucións. A recollida da información foi realizada por dúas psicólogas da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da USC, con ampla experiencia na realización deste tipo de estudos. A pesar de que non se estableceu un tempo máximo para cubrir o cuestionario, polo xeral este oscilaba entre os 20 e 25 minutos. Levouse a cabo tamén unha sesión formativa no manexo do cuestionario, coa fin de unificar os criterios e procedementos á hora de levar a cabo o traballo de campo.


Para acadar as cotas mostrais establecidas, en cada centro (e sempre en función da súa dispoñibilidade) o cuestionario era cumprimentado por un grupo de cada curso académico, seleccionado de xeito aleatorio. Fíxose especial fincapé en que a participación no estudo era completamente voluntaria e a información recollida anónima e absolutamente confidencial. En ningún momento se solicitaba aos suxeitos datos de carácter identificativo, máis alá do xénero e a idade.

Designouse unha supervisora de campo, cuxa función era comprobar diariamente a correcta execución dos cuestionarios (garantindo así a calidade da información) e as cotas mostrais establecidas. Ademais designáronse dúas persoas encargadas da codificación das preguntas abertas e a gravación dos test. Unha vez realizada a gravación dos datos e antes da súa tabulación, realizouse unha análise preliminar coa fin de depurar os posibles erros e incoherencias, así como o control dos valores ausentes existentes.


O número inicial de cuestionarios recollidos foi de 2468, se ben foron rexeitados 135 tras un exhaustivo proceso de revisión, ao presentar un excesivo número de preguntas en branco e incoherencias, nalgúns casos, ou ben por distorsionar as cotas establecidas por provincia, curso e titularidade do centro. A recollida de datos levouse a cabo durante o mes de novembro de 2010.

### 2.3. Descrición da mostra


A mostra final estivo composta por un total de 2333 estudantes de Ensino Secundario Obrigatorio da comunidade galega, 1167 mulleres e 1166 homes, con idades comprendidas entre os 11 e os 18 anos (Media=13.77; Desv. Típica=1.34). A descrición da mostra segundo as variables xénero, curso, titularidade do centro e provincia recóllense nos gráficos seguintes.




**Figura 8.** Descrición da mostra por xénero



**Figura 9.** Descrición da mostra por curso



**Figura 10.** Descrición da mostra por titularidade do centro



**Figura 11.** Descrición da mostra por provincia



### 3- Resultados

#### 3.1 Resultados globais

##### 3.1.1. Hábitos de uso de Internet

##### 3.1.1.1. Frecuencia de uso e tempo de conexión

En primeiro lugar tentouse coñecer a frecuencia de uso de Internet por parte dos/as mozos/as. Tal e como se recolle na figura seguinte, **o 60.5% estarían a utilizar Internet todos os días**, aos que habería que engadir un 26.8% que se conectarían unha ou dúas veces por semana; un 7.8% que o faría de maneira ocasional (un par de veces ao mes) e só o 5% non utilizaría nunca Internet ou practicamente nunca. Un primeiro dato de interese sería, polo tanto, que **case 9 de cada 10 mozos/as fan un uso regular de Internet, ben diaria ou semanalmente**.




Figura 12. ¿Con que frecuencia utilizas Internet?

Aqueles que usan Internet (ben de maneira ocasional ou regular), **conéctanse polo xeral entre 1 e 2 horas ao día (45.8%)**. Cómpre salientar tamén que hai un 10.5% de mozos/as que se conectan máis de 3 horas ao día.




Figura 13. ¿Aproximadamente canto tempo te conectas?

### 3.1.1.2. Lugares e horarios de conexión

Aqueles que fan un uso máis frecuente de Internet (diario ou semanal), conéctanse masivamente dende a súa casa (88.1%), aínda que un 22.7% faino tamén dende a casa dos seus amigos ou familiares. Ademais de que o 15.8% dos internautas adolescentes se conectan regularmente a través do móbil.




Figura 14. ¿Dende onde te conectas habitualmente?

Cómpre salientar ademais que o 61% dos que teñen Internet na súa casa, dispoñen de conexión na súa habitación. Esta porcentaxe en termos absolutos (para o total da poboación obxecto de estudo) corresponderíase co 55%.





Figura 15. ¿Tes conexión na túa habitación?

A franxa horaria na que habitualmente se conectan a Internet é pola tarde, entre as 16h e as 21h (56.8%), aínda que case un 40% se conecta tamén entre as 9 e as 12 da noite e un 5.8% a partir da medianoite.




**Figura 16.** ¿A que hora te conectas habitualmente?

### 3.1.2. Motivacións de uso de Internet

Tal e como se pode comprobar na figura da páxina seguinte, as motivacións á hora de utilizar Internet son múltiples e variadas. As principais son: facer uso das **redes sociais** (85%), **descargar/baixar** materiais (música, películas, vídeos, imaxes, etc.) (64.4%), **buscar información relacionada cos estudos** (60.2%) facer uso do **correo electrónico** (52.1%).


Cómpre salientar tamén que **un 29.7% dos/as mozos/as que usan Internet son usuarios de xogos on-line**. Esta porcentaxe representaría un 28.2% en termos absolutos, sobre o total da poboación obxecto de estudo. Dentro da categoría *Outras* alúdese sobre todo ao uso do messenger, visitas a You Tube, etc.



**Figura 17.** ¿Por que utilizas Internet? Normalmente, ¿para que te conectas?


### 3.1.3. Barreiras de uso de Internet

Cando se pregunta aos/as mozos/as que non utilizan Internet polas posibles razóns, a principal resposta é a **non dispoñibilidade de conexión (37.9%)**. Cabe mencionar tamén que a un 27.6% destes, Internet **non lle parece realmente útil** e un 22.4% que **non o fai por impedimento dos seus pais**. Dentro da categoría *Outras* alúdese sobre todo a problemas derivados dunha mala calidade na conexión e á falla de tempo.




**Figura 18.** ¿Por que non te conectas a Internet?

De maneira complementaria, **o 36.2% manifesta non conectarse todo o que lle gustaría**. Os motivos principais son: a prohibición dos seus pais (53.8%), a prioridade das tarefas escolares (39.4%), a falla de tempo (34.8%), ou simplemente que lles gustaría pasar máis tempo conectado (30.1%).



**Figura 19.** ¿Conéctaste todo o que che gustaría?




**Figura 20.** ¿Por que non te conectas todo o que che gustaría?


### 3.1.4. Información sobre Internet

#### 3.1.4.1 Nivel de información percibido

Outro dos temas *a priori* interesantes neste estudo era pulsar o nivel de coñecementos con relación a Internet e identificar as principais fontes de información que utilizan os adolescentes. Como resultado, atopouse que **o 48.9% dos/as afirman que o seu nivel de información é alto ou moi alto** e tan só o 6.9% considera que é baixo ou moi baixo. Noutras palabras, **unicamente o 6.9% dos escolares se considera pouco informado no tocante a Internet**. O nivel de coñecemento medio é relativamente alto, acadando unha media de 3.52 nunha escala de 1 a 5.




**Figura 21.** ¿En xeral, como consideras que é o teu nivel de información respecto a internet?




**Figura 22.** Nivel de coñecemento medio respecto a Internet

### 3.1.4.2. Fontes e demandas de información

Polo que se refire ás fontes de información o **64.8% dos mozos/as considérase autodidacta en todo o referido a Internet**. Un 40.6% ten aprendido a través de familiares e un 38.7% de amigos. **Os centros de ensino non semellan ser unha fonte de información relevante a este nivel (18.6%)**. Dentro da categoría *Outras* resáltase a axuda procedente de compañeiros de xogos online, charlas, coñecidos especializados na materia ou revistas.



**Figura 23.** ¿Onde aprendiches o que sabes de internet?




**Figura 24.** ¿De que cuestións che gustaría dispor de máis información?




A pesar do alto nivel de información que os entrevistados manifestan posuír, **demandan un mellor coñecemento de todo o relacionado coas redes sociais (45%)**, así como todo o relacionado coa **seguridade e confidencialidade (41.9%)**. Dentro da categoría *Outras* tamén se amosa interese pola descarga e instalación de programas, videoxogos..., así como de xogos *on-line*, etc.

### 3.1.5. Utilización do correo electrónico

Afondando nos usos de Internet, cómpre sinalar que **9 de cada 10 adolescentes galegos dispoñen de correo electrónico (89.8%)**. A maioría dispón dunha soa conta (57.6%), aínda que 1 de cada 4 (25.2%) dispón de dúas e o 17.2% de máis de dúas.




**Figura 25.** ¿Dispós de correo electrónico?




**Figura 26.** ¿De cantas contas dispós?

As razóns polas que se deciden a activar máis dunha conta son sobre todo: para poder rexistrarse en varias redes sociais, para facer uso do messenger, para participar en xogos *on-line*, ou ben para facilitarillas a diferentes tipos de contactos (amigos, familiares, etc.).



**Figura 27.** Se tes máis dunha conta de correo electrónico, sinala o motivo.

Polo que se refire á frecuencia de consulta do correo, as respostas atopadas son moi variadas, aínda que o habitual é consultalo dúas ou tres veces á semana (27.8%).




**Figura 28.** ¿Cada canto tempo consultas o correo?

### 3.1.6. Utilización do messenger e a cámara web


De maneira complementaria recolleuse información acerca do uso de dúas ferramentas *a priori* importantes neste segmento, como poden ser o Windows Messenger e a cámara web. Tal e como se recolle nas figuras seguintes, **practicamente 9 de cada 10 mozos/as (89%) fai uso de messenger, aínda que só o 43.8% destes o utilizan de xeito habitual.**

En termos absolutos teríamos, polo tanto, que **un 38.8% dos adolescentes galegos estaría a facer uso do messenger de xeito habitual.**

**Figura 29.** ¿Dispós de messenger?    **Figura 30.** ¿Utilízalo habitualmente?



**Un 63.2% dispón de web cam, aínda que só o 19.5% a usa de xeito habitual (o que representa un 12.2% en termos absolutos).**




**Figura 31.** ¿Dispós de web cam?    **Figura 32.** ¿Utilízala habitualmente?

### 3.1.7. As redes sociais

#### 3.1.7.1 Coñecemento e utilización

Como xa se ten sinalado na presentación deste estudo, o uso das redes sociais constitúe un dos grandes cambios que está a experimentar a nosa sociedade, traducíndose nun novo escenario de socialización para a mocidade, con todas as vantaxes e riscos que isto leva consigo. En consecuencia, afondar no nivel de coñecemento, as actitudes e percepcións, e o uso revelado que os adolescentes fan das redes sociais convértese nun dos obxectivos centrais deste traballo.




**Figura 33.** Coñecemento e utilización das diferentes redes sociais

Un primeiro resultado que se pode extraer dos datos recollidos é que **o nivel de coñecemento das redes sociais entre os estudantes de ESO na comunidade galega é moi elevado. Tuenti e Facebook son as redes sociais máis coñecidas, a primeira cun 96.7% de notoriedade e a segunda cun 91.9%.** Twitter e Myspace acadan tamén porcentaxes relativamente altas, cun 69.7% e un 55.6%, respectivamente. Dentro da categoría *Outras* englobábase respostas moi variadas como: Hi5, Badoo, Sonico, .... ou o propio Windows Messenger (que é





utilizado en moitos casos como unha rede social), e webs asociadas a xogos on-line como Soccer Manager, Tubillar, etc.

Outro dos resultados importantes é que **o 85.1% dos/as mozos/as de ensino secundario está rexistrado en polo menos unha rede social**, case o 40% en dúas e ata un 15.9% en tres ou máis. De maneira desagregada, cabe informar que o 81.4% están rexistrados en *Tuenti* e un 57% en *Facebook*. Tal e como se pode ver na figura seguinte tan só o 14.9% dos estudantes de ESO, non estarían rexistrados en ningunha rede social.



**Figura 34.** Número de redes sociais nas que estás rexistrado


En canto á frecuencia de utilización de cada rede social, tal e como se recolle nos gráficos da páxina seguinte, **claramente *Tuenti*, seguido de *Facebook*, son as redes máis utilizadas**. No caso de *Tuenti*, un 58.4% dos seus usuarios interactúan na rede de maneira diaria. Esta porcentaxe en termos absolutos (para a totalidade da mostra) corresponderíase cun 47.5%, o cal nos permite afirmar **que aproximadamente o 47% dos estudantes da ESO da comunidade galega interactúan todos os días en *Tuenti***. No caso do Facebook a porcentaxe relativa descendería ata o 20%, e a absoluta ata o 11.4%.



**Figura 35.** Frecuencia de utilización das diferentes redes sociais

### 3.1.7.2 Motivacións

De maneira espontánea os adolescentes informan de que as principais motivacións que os levan a facer uso das redes sociais son dúas: **falar con amigos e familiares** (67.5%) e **ver fotos, chatear e facer comentarios** (33.6%). Cómpre sinalar tamén que un 10% alude á posibilidade de facer novos amigos/as, un 9.2% de murmurar e un 8.6% de participar en xogos on-line. Na categoría *Outras* recóllense respostas moi variadas como ligar, escoitar música, relacionarse, etc.



**Figura 36.** ¿Por que razóns estás en Tuenti, Facebook, ...?



### 3.1.7.3 Contactos

Como se pode observar nas figuras seguintes, o número de homes e mulleres que os mozos/as adoitan incluír entre os seus contactos nas redes sociais é moi parecido, o mesmo que sucede coa idade.



Figura 37. ¿A maioría dos teus contactos son...?

Cando se pregunta acerca do contacto de **MAIOR IDADE** as respostas teñen unha enorme variabilidade, podendo ir dende os 12 aos 90 anos. Aínda así é importante apuntar o feito de que **o 60.7% dos/as mozos/as teñen polo menos un contacto maior de 20 anos, e un 23% maior de 30.**




Figura 38. O contacto de máis idade que teño en Tuenti, Facebook,... ten aproximadamente...

### 3.1.8. Actitudes e crenzas cara a Internet e as redes sociais

Neste epígrafe tentouse afondar con maior detalle nas crenzas e actitudes dos estudantes da ESO cara a Internet e as redes sociais. Para tal fin elaborouse unha escala composta por 13 elementos ou afirmacións. O que se lles pedía aos suxeitos era que manifestasen o seu grao de acordo con cada un deles, utilizando unha escala de resposta de "1" (NADA DE ACORDO) a "5" (TOTALMENTE DE ACORDO). Os resultados a nivel descritivo (medias e desviacións típicas) recóllense na seguinte táboa.

	MEDIA	D.T.
1. Internet e as redes sociais son unha boa maneira de coñecer xente e facer amigos/as	3.46	1.35
2. Gústame agregar cada vez máis amigos ao meu perfil de Facebook, Tuenti, ...	3.04	1.42
3. Na miña opinión as redes sociais son un perigo	2.32	1.25
4. Internet axúdame nos estudos	3.81	1.22
5. Creo que cada vez hai máis xente da miña idade "enganchada" a Internet e as redes sociais	<b>4.35</b>	<b>0.96</b>
6. Algúns dos meus amigos/as fan un uso excesivo ou pouco axeitado de Internet e as redes sociais	3.65	1.35
7. Internet supón unha boa maneira de estar ao día en moitas cousas	<b>4.05</b>	1.12
8. Ás veces síntome máis cómodo chateando polo Facebook, Tuenti, ... que falando cara a cara coa xente	2.53	1.47
9. Na miña opinión as redes sociais son unha perda de tempo	1.83	1.16
10. Gústame facer comentarios en Facebook, Tuenti... e que me respondan a eles	3.63	1.42
11. Gústame o anonimato que me brinda Internet	2.81	1.40
12. Internet paréceme unha fonte excelente para conseguir información	<b>4.38</b>	<b>0.97</b>
13. Navegar por Internet paréceme seguro	2.98	1.15


**Táboa 4.** Estatísticos descritivos para os elementos da escala de actitudes e crenzas

Como se pode apreciar, as afirmacións que maior acordo ou identificación suscitan son sobre todo tres: (1) *Internet paréceme unha fonte excelente para conseguir información*; (2) *Creo que cada vez hai máis xente da miña idade “enganchada” a Internet e ás redes sociais* e (3) *Internet supón unha boa maneira de estar ao día en moitas cousas*.

Na táboa anterior inclúense tamén os valores de desviación típica de cada ítem. Como se pode ver, os elementos que presentan unha maior homoxeneidade de opinións son dous: (1) *Creo que cada vez hai máis xente da miña idade “enganchada” a Internet* e (2) *As redes sociais e Internet paréceme unha fonte excelente para conseguir información*.

Pola súa parte, é posible identificar elementos ou afirmacións cunha desviación típica maior (e que, por tanto, revelan un importante grao de discrepancia entre os entrevistados): (1) *Gústame agregar cada vez máis amigos ao meu perfil de Facebook, Tuenti, ...*; (2) *Ás veces síntome máis cómodo chateando polo Facebook, Tuenti, ... que falando cara a cara coa xente* e, (3) *Gústame facer comentarios en Facebook, Tuenti... e que me respondan a eles*.


Na figura da páxina seguinte recóllese o perfil de actitudes e crenzas de maneira gráfica.



**Figura 39.** Grao de acordo medio coas diferentes afirmacións


### 3.1.9. O papel dos pais

Outra das cuestións *a priori* fundamentais para unha axeitada comprensión da situación actual era coñecer o posible papel que os pais exercen con relación ao uso de Internet entre os adolescentes. Un primeiro resultado atopado é que tan só no 46% dos casos existiría un control por parte dos pais ao respecto. Noutras palabras, **o 52.8% sinala que os seus pais non os controlan nin poñen pega ningunha á hora de usar Internet.**




**Figura 40.** ¿Os teus pais contrólante ou pñenche algunha pega á hora de usar Internet?

Naqueles casos onde si se dá un certo control paterno, este viría motivado sobre todo polo excesivo tempo que o adolescente dedica a Internet e polo tipo de contidos ou páxinas que visita.




**Figura 41.** ¿En que sentido te controlan os teus pais á hora de usar Internet?

Un dato complementario é que **o 77.9% dos/as mozos/as que utilizan Internet, non tiveron *nunca* ou *case nunca* unha discusión cos seus pais polo seu uso**; o 6.3% manifesta ter problemas moitas veces e o 14.6% de cando en vez.



**Figura 42.** ¿Tiveches algunha vez algunha discusión na casa por causa de Internet?

Por último, cómpre engadir que **polo menos 1 de cada 4 pais (25.5%) non utilizou *nunca* ou *practicamente nunca* Internet, dato que contrasta claramente coa porcentaxe rexistrada entre os propios adolescentes (5%)**. Estamos, polo tanto, ante unha diferenza xeracional considerable, que ben puidera estar na base da explicación do escaso control paterno atopado.



**Figura 43.** ¿Os teus pais usan Internet?

De feito cando se cruzan ambos ítems (*utilización de Internet por parte dos pais e control exercido por estes*) detéctase unha asociación estatisticamente significativa ( $\chi^2=493.77$ ;  $P<0.001$ ), comprobándose que o control é menor entre os pais que non utilizan Internet.

Obtense un resultado similar cando se analiza a frecuencia de conflitos entre pais e fillos por mor de Internet ( $\chi^2=422.01$ ;  $P<0.001$ ).

En definitiva, **poderíase afirmar que canto menor é o coñecemento e utilización de Internet por parte dos pais, menor tende a ser tamén o control exercido sobre os fillos neste eido**. Este resultado sitúa nos propios pais un dos principais focos de traballo a nivel preventivo.

		¿Contrólante ou pónenche algunha pega á hora de usar internet?		
		Si	Non	Ns/Nc
¿Os teus pais usan Internet?	Si, habitualmente	51.2%	48.7%	0.1%
	Si, de cando en vez	49.1%	50.8%	0.1%
	Nunca ou case nunca	38.8%	60.6%	0.7%
	Non o sei	16.7%	57.1%	26.2%

**Táboa 5.** Control exercido polos pais en función do nivel de utilización de Internet por estes

		¿Tiveches algunha discusión na casa por causa de Internet?				
		Moitas veces	De cando en vez	Case nunca	Nunca	Ns/Nc
¿Os teus pais usan Internet?	Si, habitualmente	7.1%	17.8%	37.9%	37.1%	0.1%
	Si, de cando en vez	6.1%	14.2%	35.7%	43.6%	0.5%
	Nunca ou case nunca	6.0%	12.6%	25.2%	55.7%	0.5%
	Non o sei	4.8%	3.6%	11.9%	57.1%	22.6%

**Táboa 6.** Ocorrencia de conflitos en función do nivel de utilización de Internet dos pais

### 3.1.10. Posible ciberdependencia

Coa intención de estimar os posibles niveis de dependencia latentes elaborouse unha escala reducida, composta por 8 ítems extraídos de traballos previos, como os de Gracia, Vigo, Fernández e Marcó (2002) ou Viñas (2009). Antes de comentar os resultados acadados, cómpre sinalar que a escala presentou un elevado grao de consistencia interna ( $\alpha$  de Cronbach=0.84), o que permite interpretar os datos con fiabilidade.


Na táboa seguinte recóllense as medias e desviacións típicas acadadas para cada elemento. Convén lembrar que o que se lles pedía aos suxeitos era que manifestasen o seu grao de acordo con cada afirmación, utilizando unha escala de resposta de "1" (NADA DE ACORDO) a "5" (TOTALMENTE DE ACORDO).

	MEDIA	D.T.
1. Para min é importante poder conectarme diariamente a Facebook, Tuenti...	<b>3.19</b>	1.40
2. Nalgunhas ocasións teño perdido horas de sono por usar Internet	2.06	1.43
3. Ás veces conéctome máis do que debera	2.94	1.47
4. En ocasións prefiro quedarme conectado/a a Internet en lugar de estar coa miña familia ou amigos/as	1.92	1.22
5. En ocasións póño-me de mal humor por non poder conectarme	2.37	1.41
6. Cando estou conectado sinto que o tempo voa e cando me dou conta levo horas en Internet	<b>3.33</b>	1.44
7. Teño descoidado as tarefas de estudo por conectarme a Internet	2	1.28
8. Teño deixado de facer cousas importantes para estar conectado	2.02	1.26

**Táboa 7.** Estatísticos descritivos para os elementos da escala de dependencia a Internet



Na figura seguinte recóllense os resultados de maneira gráfica.




**Figura 44.** Valoración media dos diferentes elementos da escala de ciberdependencia

Como se pode apreciar as puntuacións máis altas corresponden sobre todo a dous elementos: (1) Para min é importante poder conectarme diariamente a Facebook, Tuenti... e, (2) Cando estou conectado sinto que o tempo voa e cando me dou conta levo horas en Internet o que revela un certo acordo ou opinión compartida ao respecto. Aínda así as medias acadadas son baixas, polo xeral inferiores ao punto medio da escala de resposta ("3"), o cal estaría informando de niveis de dependencia lonxe do que puidera considerarse como patolóxico.

Para facer unha estimación máis precisa do risco de dependencia subxacente, calculouse a puntuación total na escala e transformouse posteriormente nunha porcentaxe, co obxectivo de facilitar a súa interpretación. Tal e como se recolle no

gráfico seguinte, o nivel de dependencia medio estimado é moderado, situándose en termos porcentuais nun 36.4%.



**Figura 45.** Risco de dependencia medio estimado

	Media	Mediana	Moda	D. Típica
VALORACIÓN XERALO	36.39	34.37	18	23.16

**Táboa 8.** Estatísticos descritivos para o risco de dependencia estimado

Se se establecen puntos de corte para diferentes niveis de dependencia (tal e como se recolle na táboa seguinte), o resultado que se obtén permite calibrar en mellor medida o uso máis ou menos perigoso que os adolescentes están a facer de Internet na actualidade.

	PUNTUACIÓN NA ESCALA	NIVEL DE RISCO	PORCENTAXE
Táboa Niveis	0-25 PUNTOS	Baixo/Moi baixo	38.2%
	26-50 PUNTOS	Moderado	37.2%
	51-75 PUNTOS	Elevado	18.7%
	76-100 PUNTOS	Posible Dependencia	5.9%

Risco/Dependencia estimados




Figura 46. Niveis de Risco/Dependencia estimados

A teor dos resultados acadados poderíase afirmar que **3 de cada 4** adolescentes (**75.4%**) estaría a facer un uso máis o menos axeitado de Internet e as redes sociais; un **5.9%** presentarían claros indicios de dependencia e un **18.7%** presentarían un risco elevado ou un uso claramente prexudicial da rede.

Convén advertir, non obstante, que estes datos deben ser interpretados con certa cautela, na medida en que non se dispoñen na actualidade de baremos e

criterios diagnósticos de carácter clínico que permitan facer un cribado válido e fiable da dependencia a Internet. **A recomendación é que os resultados sexan considerados como unha primeira estimación do posible nivel de dependencia latente.**

### 3.1.11. Usos potencialmente perigosos


En epígrafes anteriores puidemos comprobar, por exemplo, que un 29.7% dos/as mozos/as que usan Internet participan habitualmente en xogos on-line e un 1.5% utilizan webs de apostas. Estas porcentaxes corresponderíanse en termos absolutos con 28.2% e o 1.4%, respectivamente. Outros datos de interese revelaban que o 55% dos adolescentes galegos dispoñen de conexión a Internet no seu cuarto; case un 40% se conecta entre as 9 e as 12 da noite e un 5.8% a partir da medianoite; un 38.8% fai un uso do Messenger de xeito habitual e algo máis dun 12% da cámara web.

Mais alá deses datos neste apartado tentamos afondar no posible uso perigoso ou desaxeitado de Internet. Para tal fin pedíuselles aos adolescentes que manifestaran o seu grao de acordo con catro afirmacións concretas. A escala de resposta utilizada (como nos casos anteriores) ía de "1" (NADA DE ACORDO) a "5" (TOTALMENTE DE ACORDO). Os resultados acadados recóllense na táboa seguinte.

	MEDIA	D.T.
1. Adoito subir fotos en Facebook, Tuenti...	3.04	1.46
2. Algunhas das páxinas que visito non son axeitadas para a miña idade	2.15	1.45
3. Moita xente utiliza as redes sociais para ligar, tontear, etc.	<b>4.05</b>	1.91
4. Adoito baixar música, películas, fotos, etc. de Internet	<b>3.77</b>	1.45

**Táboa 10.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet

Como se pode apreciar, **os adolescentes comparten a idea de que *hai moita xente que utiliza as redes sociais para ligar, tontear, etc.* A maioría reconece ademais que *adoita baixar música, películas, fotos, etc. de Internet.***



**Figura 47.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet

Para dispor dunha idea máis precisa da situación actual agrupáronse as repostas dos suxeitos en tres categorías: "1" (Nada de acordo), "2" e "3" (Pouco/Algo de acordo) e "4" e "5" (Bastante/Totalmente de acordo). O resultado permítenos afirmar que **polo menos un 20.9% dos adolescentes reconece que algunhas das páxinas que visita habitualmente non son axeitadas para a súa idade**, un 40.9% que adoita subir fotos en Facebook ou Tuenti e **un 64.7% que adoita baixar música, películas, vídeos ou imaxes de Internet**.

	NADA DE ACORDO	POUCO/ALGO DE ACORDO	BASTANTE/TOTALMENTE DE ACORDO
1. Adoito subir fotos en Facebook, Tuenti...	21.1%	38%	40.9%
2. Algunhas das páxinas que visito non son axeitadas para a miña idade	51.4%	27.7%	<b>20.9%</b>
3. Moita xente utiliza as redes sociais para ligar, tontear, etc.	5.6%	21.6%	72.8%
4. Adoito baixar música, películas, fotos, etc. de Internet	12.9%	22.4%	64.7%

**Táboa 11.** Porcentaxes de acordo con diferentes afirmacións relacionadas co uso perigoso de Internet

### 3.1.12. Perfil de risco

Coa intención de afondar na caracterización dun posible perfil dos adolescentes que estarían a facer un uso perigoso de Internet, cruzáronse diferentes elementos do cuestionario utilizado, obtendo algúns datos adicionais de interese.

PERFIL DE RISCO DE DEPENDENCIA/USO PERIGOSO						
VARIABLES SOCIODEM. (prevalencia)	XÉNERO					
	HOMES 22%			MULLERES 27.2%		
	CURSO					
	1º ESO 18.5%	2º ESO 23.7%	3º ESO 28.8%	4º ESO 27%		
	TITULARIDADE DO CENTRO					
	PÚBLICOS 23%			PRIVADOS 28.3%		
	PROVINCIA					
A CORUÑA 24.4%	LUGO 21.5%	OURENSE 21.6%	PONTEVEDRA 26%			
HÁBITOS	FRECUENCIA DE CONEXIÓN					
	NUNCA/CASE NUNCA 1%		OCASIONAL 3.1%	SEMANAL 13.9%	DIARIA 81.9%	
	TEMPO DE CONEXIÓN					
	MENOS DE 1H/DÍA 14.3%		1-2H/DÍA 35.53%	2-3H/DÍA 28.3%	MÁIS DE 3H/DÍA 21.9%	
	HORARIO DE CONEXIÓN					
	8-14H 6%	14-16H 33%	16H-21H 55.4%	21H-24H 55.9%	A PARTIR 24H 12.8%	
	LUGAR DE CONEXIÓN					
	CASA 92.3%	AMIGOS/FAMILIA 23.9%	CIBER 13.7%	MÓBIL 26.5%	COLEXIO 12%	WIFI 23.6%
	INTERNET NO SEU CUARTO					
	SÍ 69.8%			NON 30.2%		
	USO HABITUAL DE MESSENGER					
	SÍ 53.9%			NON 46.1%		
	USO HABITUAL DE WEB CAM					
SÍ 29.3%			NON 70.7%			
REXISTRO EN REDES SOCIAIS						
NINGUNHA 5%		UNHA 22.6%	DÚAS 46.3%	MÁIS DE DÚAS 26.1%		

Táboa 12. Distribución do grupo de risco segundo variables de interese (I)

PERFIL DE RISCO DE DEPENDENCIA/USO PERIGOSO						
MOTIVACIÓNS	MOTIVOS DE CONEXIÓN					
	ESTUDOS	e-MAIL	REDES SOCIAIS	DESCARGAS	VER SERIES	XOGOS ON-LINE
	49.4%	53.3%	94%	76.4%	53.8%	30.2%
	¿CONECTASTE TODO O QUE CHE GUSTARÍA?					
	SÍ			NON		
	56.2%			42.6%		
PAIS	CONTRÓLANTE					
	SÍ			NON		
	51.1%			48.5%		
	DISCUSIÓNS POR MOR DE INTERNET					
SÍ			NON			
45.9%			54.1%			
INFORMACIÓN	NIVEL DE INFORMACIÓN MEDIO (1-5)					
	3.76					
	FONTES (APRENDÍN...)					
	EU SÓ	AMIGOS	PAIS/FAMILIA	COLEXIO	ACADEMIA	
76.5%	45.4%	32.7%	15.1%	9.2%		

**Táboa 13.** Distribución do grupo de risco segundo variables de interese (II)

Tal e como se pode apreciar nas táboas anteriores, a posible dependencia ou risco potencial é **lixeramente maior entre as mozas que os mozos, no segundo ciclo da ESO (3º e 4º) que nos primeiros cursos, e nos centros privados ou concertados**. Atopáronse tamén algunhas diferenzas por provincias, cunha **prevalencia algo maior en Pontevedra e en A Coruña**.

Outros datos que serven para caracterizar o grupo denominado “de risco” recóllense no seguinte cadro.



1. O 81.9% **conéctase todos os días a Internet**. Os que non se conectan é sobre todo porque non lles deixan seus pais ou porque teñen outras tarefas que facer.
2. A metade (50.2%) conéctase **polo regular máis de 2 horas ao día**.
3. Aínda que os horarios de conexión son variados, a tendencia do grupo de risco é a de conectarse máis tarde (o 68.7% **a partir das nove da noite**).
4. Xeralmente conéctanse **dende a súa casa** (máis do 90%), e comparativamente adoitan a facelo máis **dende o móbil** (26.5%), ou **dende calquera lugar con Wifi** (23.6%).
5. Os individuos do grupo de risco acostuman ter **conexión a Internet na súa propia habitación** (case o 70%).
6. Máis da metade **utilizan messenger con regularidade** (53.9%) e case **o 30% adoita a usar cámara web**.
7. **O 72.4% está rexistrado en dúas ou máis redes sociais**, xeralmente Tuenti e Facebook.
8. O 94% **conéctase a Internet precisamente para interactuar nas redes sociais**, aínda que o 76.4% tamén para **descargar música, vídeos, imaxes**, etc.
9. O 42.6% manifesta que **non se conecta todo o que lle gustaría**.
10. O 45.9% ten con relativa frecuencia problemas e discusións cos seus pais por mor de Internet, a pesar de que **practicamente a metade dos individuos deste grupo de risco (48.5%) manifestan que os seus pais non os controlan nin se meten no uso que fan de Internet**.
11. Consideran que posúen un **nivel de información alto** de Internet e adoitan ser **autodidactas** (76.5%) ou aprenden grazas a **amigos** (45.4%).

**Cadro 2.** Principais trazos definatorios do grupo de risco

### 3.1.13. A brecha dixital

Un último obxectivo do presente traballo era recoller datos (aínda que só de maneira indirecta) acerca da posible existencia dunha fenda dixital na comunidade galega. Para tal fin utilizáronse **dous indicadores orientativos**: (1) a porcentaxe de fogares con conexión a Internet e, (2) a porcentaxe de usuarios que manifesta sufrir problemas de conexión.

Tal e como se recolle na táboa inferior, a porcentaxe de fogares do target ou perfil considerado que teñen Internet ascende ao 88.1%. Este dato debe ser interpretado na súa xusta medida, xa que se refire unicamente a familias con nenos en idade de Ensino Secundario Obrigatorio, e nunca á poboación xeral galega.

Por outra banda, máis da metade dos fogares que dispoñen de conexión a Internet estarían a sufrir problemas de conexión (lenta, intermitente, ...), ben de maneira habitual (9.7%) ou ocasional (42.3%).

	PORCENTAXE
<b>FOGARES CON CONEXIÓN A INTERNET</b>	<b>88.1%</b>
<b>FOGARES CON PROBLEMAS DE CONEXIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Habituais (9.7%)</b></li><li>▪ <b>Ocasionais (42.3%)</b></li></ul>

**Táboa 14.** Indicadores indirectos da fenda dixital

A teor de ambos datos, a conclusión que podería sacarse é que o nivel do estado de implantación de Internet en Galicia está a ser avanzado, chegando de maneira masiva a boa parte dos fogares con nenos en idade de ensino secundario. Non obstante, a principal cuestión a resolver é a calidade da conexión.

### 3.2 Resultados por segmentos

#### 3.2.1 Resultados por xénero

##### 3.2.1.1. Hábitos de Uso de Internet

En primeiro lugar, no que respecta á frecuencia de conexión, non se atopan diferenzas significativas entre mozos e mozas. O mesmo acontece co tempo que dedican do día a estar conectados, observándose unha tendencia moi similar en ambos casos.




Figura 48. Frecuencia de uso segundo o xénero






Figura 49. Tempo de conexión ao día segundo xénero



Polo que se refire aos **lugares e horarios de conexión**, tampouco se aprecian diferenzas significativas entre homes e mulleres, sendo en ambos casos a casa propia o lugar dende onde se conectan habitualmente. No tocante ao horario de conexión, a pauta é tamén moi similar, conectándose preferentemente entre as 16 e as 21h.




**Figura 50.** Lugares de conexión segundo o xénero



**Figura 51.** Horarios de conexión segundo o xénero

Unha cuestión especialmente interesante referíase ao volume de adolescentes que dispoñen de **Internet no seu cuarto**. Esta porcentaxe en termos absolutos correspondíase co 55% da poboación obxecto de estudo. A análise realizada revela que tampouco existen diferenzas significativas entre mozos e mozas a este nivel.



**Figura 52.** Porcentaxe de individuos que dispoñen de conexión a Internet no seu cuarto segundo ó xénero

### 3.2.1.2. Motivacións de Uso de Internet

As motivacións á hora de utilizar Internet son múltiples e variadas, pero polo xeral comúns a mozos e mozas: facer uso das **redes sociais**, **descargar/baixar** materiais (música, películas, vídeos, imaxes, etc.), **buscar información relacionada cos estudos** e facer uso do **correo electrónico**.

Sen embargo atópanse algunhas diferenzas significativas dignas de mención: as mozas realizan consultas de *busca de información relacionada cos estudos* en maior medida que os mozos ( $\chi^2 = 3.42$ ; Sig<0.001). Tamén son as mulleres as que realizan máis *visitas ás súas redes sociais cando se conectan á rede* ( $\chi^2 = 7.81$ ; Sig<0.005). Son os mozos os que empregan o seu tempo en Internet para *ver series, películas, partidos...* ( $\chi^2 = 15.33$ ; Sig<0.001), e tamén son os que máis participan en xogos *on-line* ( $\chi^2 = 225.16$ ; Sig<0.001) así como en *webs de apostas* ( $\chi^2 = 19.06$ ; Sig<0.001), e adoitan *ler o xornal* a través da rede ( $\chi^2 = 133.26$ ; Sig<0.001).




Figura 53. Motivacións de uso de Internet segundo Xénero

### 3.2.1.3. Barreiras de uso de Internet

Cando se pregunta aos mozos/as que non utilizan Internet polas posibles razóns, a principal resposta é a **non dispoñibilidade de conexión** en ambos casos. Tampouco se aprecian diferenzas significativas a este nivel.




Figura 54. Barreiras de uso de Internet segundo o xénero

Por outra banda, unha elevada porcentaxe tanto de mozos como de mozas **manifesta non conectarse todo o que lle gustaría**. Se ben, obsérvanse diferenzas significativas ( $\chi^2=41.35$ ; Sig<0.001), sendo as mozas as que amosan un maior descontento.




Figura 55. Porcentaxe de individuos que NON se conectan todo o que lle gustaría segundo o xénero



### 3.2.1.4. Información sobre Internet

Outro dos temas *a priori* interesantes neste estudo era pulsar o nivel de coñecementos con relación a Internet e identificar as principais fontes de información que utilizan os adolescentes. A pesar de que non se atoparon diferenzas significativas entre mozos e mozas con respecto á súa percepción no nivel de coñecementos que posúen, os **mozos cren ter un nivel de información lixeiramente maior**.




Figura 56. Nivel de información percibido respecto a Internet segundo o xénero






Figura 57. Nivel de coñecemento medio respecto a Internet segundo o xénero

Polo que se refire ás fontes de información tanto os mozos como as mozas considéranse maioritariamente autodidactas. Porén, atópanse algunhas diferenzas salientables: comparativamente as mozas acoden máis *aos seus amigos* ( $\chi^2=7.54$ ; Sig<0.05) e ao *centro escolar* ( $\chi^2=15.42$ ; Sig<0.001) para poñerse ao día con relación a Internet.



**Figura 58.** Distribución das fontes de información segundo o xénero




**Figura 59.** Demanda de información segundo o xénero


No que respecta ás posibles demandas de información, obsérvanse diferenzas significativas entre os temas que suscitan maior interese: os *aspectos técnicos* interesan máis aos mozos ( $\chi^2=67.16$ ; Sig<0.001) e a *seguridade e confidencialidade* ás mozas ( $\chi^2=29.11$ ; Sig<0.001). Son as mozas tamén as que demandan máis información para mellorar a súas *buscas de información na rede* ( $\chi^2=7.73$ ; Sig<0.05). O interese polas *redes sociais* é compartido por ambos.

### 3.2.1.5. Utilización do correo electrónico

A dispoñibilidade de correo electrónico é moi similar en ambos casos, acadando porcentaxes practicamente idénticas. En canto ao número de contas os resultados son tamén similares.




**Figura 60.** Porcentaxe de individuos que empregan o correo electrónico segundo o xénero



**Figura 61.** Número de contas que dispoñen os mozos/as segundo o xénero

Polo que se refire á frecuencia de consulta do correo, as respostas atopadas son moi variadas, aínda que o habitual en ambos casos é consultalo dúas ou tres veces á semana. Segundo se pode observar, o xénero é independente da frecuencia de consulta do correo.



**Figura 62.** Frecuencia de consulta de correo electrónico segundo o xénero

### 3.2.1.6. Utilización do messenger e da cámara web

Polo que se refire á dispoñibilidade de messenger non se aprecian tampouco diferenzas significativas entre mozos e mozas, aínda que o seu uso está algo máis estendido entre estas últimas ( $\chi^2=13.99$ ; Sig<0.01). En canto á web cam, o seu uso habitual é moi baixo tanto entre os homes como entre as mulleres.




Figura 63. Utilización do messenger segundo xénero




Figura 64. Utilización da web cam segundo o xénero

### 3.2.1.7. As redes sociais

O nivel de coñecemento das redes sociais entre os estudantes de ESO na comunidade galega é moi elevado, tanto no caso dos mozos como das mozas. Tuenti e Facebook son claramente as dúas redes máis coñecidas, seguidas de MySpace. Tampouco se atopan diferenzas con relación ao rexistro nestas.




Figura 65. Coñecemento das diferentes redes sociais segundo o xénero






Figura 66. Rexistro nas diferentes redes sociais segundo o xénero



**Figura 67.** Número de redes sociais nas que estás rexistrado segundo o xénero


Cando se pregunta de maneira espontánea polas principais motivacións que os levan a facer uso das redes sociais, a pauta de resultados son similares en ambos casos, aludindo sobre todo a dúas cuestións: **falar con amigos e familiares e ver fotos, chatear e facer comentarios**. Cómpre sinalar non obstante que as mozas darían unha importancia maior a todo o que é a interacción en si mesma (posibilidade de ver fotos, chatear e facer comentarios, non perder contacto coa xente, murmurar, colgar fotos, ... ), mentres que comparativamente os mozos participarían mais en xogos *on-line*.






**Figura 68.** Motivacións do uso das redes sociais segundo o xénero

Ademais, como se pode observar nas figuras seguintes, o tipo de contactos que teñen mozos e mozas a través das redes sociais é similar, aínda que comparativamente as mozas presentan máis contactos do seu mesmo sexo ( $\chi^2=38.01$ ; Sig<0.001).



**Figura 69.** Distribución de contactos por sexo segundo o xénero



**Figura 70.** Distribución de contactos por idade segundo o xénero

Cando se pregunta acerca do contacto de maior idade as respostas de mozos e mozas son moi similares. No caso dos varóns a porcentaxe de individuos que teñen polo menos un contacto maior de 30 anos é de 23.7%, mentres que no caso das mulleres é de 22.2%.

#### 3.2.1.8. Actitudes e crenzas cara Internet e as redes sociais

O tipo de actitudes e crenzas que manteñen os mozos e as mozas cara a Internet e ás redes sociais é moi similar. Unicamente se aprecian diferenzas salientables no que se refire a algunhas cuestións concretas: as mozas son as que amosan unha maior predilección por facer comentarios en Facebook ou Tuenti e recibir respostas, e son tamén as que atribúen un maior risco ou perigosidade ás redes sociais. Pola súa parte, os mozos amósanse máis seguros no uso de Internet, agrádalles máis o anonimato que lles proporciona e consideran esta unha boa maneira de facer amigos/as.




Figura 71. Grao de acordo medio coas diferentes afirmacións segundo o xénero

### 3.2.1.9. O papel dos pais

A nivel xeral púidose comprobar que tan só no 46% dos casos existía un control por parte dos pais no uso de Internet. Este control sería significativamente maior no caso das mozas ( $\chi^2=42.14$ ; Sig<0.001).




Figura 72. Control dos pais respecto ao uso de Internet segundo o xénero

Un dato complementario é que o **24.8% das mozas que utilizan Internet manifestan ter discusións cos seus pais polo seu uso** (en *moitas* ou *nalgunha ocasión*), o que representa unha diferenza significativa con respecto ós mozos ( $\chi^2=21.64$ ; Sig<0.001), onde a porcentaxe é tan só dun **17.1%**.






Figura 73. Porcentaxe de individuos que tiveron discusións por Internet segundo o xénero

### 3.2.1.10. Posible ciberdependencia

A puntuación media na escala de dependencia é similar en ambos casos (35.5 no caso dos mozos e 37.2 no das mozas), non obstante, **a porcentaxe de individuos en risco de dependencia é 5 puntos maior entre as mulleres** ( $\chi^2=8.51$ ; Sig<0.001).




**Figura 74.** Nivel de dependencia medio estimado segundo o xénero



**Figura 75.** Porcentaxe de individuos en risco de dependencia segundo o xénero

### 3.2.1.11 Usos potencialmente perigosos

En canto aos usos perigosos concretos da rede, **os mozos recoñecen en maior medida entrar en páxinas pouco axeitadas para a súa idade** ( $t=13.45$ ;  $p<0.01$ ), mentres que **as mozas recoñecen en maior medida subir fotos nas redes sociais** ( $t=-10.02$ ;  $p<0.01$ ).



**Figura 76.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet segundo o xénero

### 3.2.2. Resultados por ciclo

#### 3.2.2.1. Hábitos de uso de Internet

En primeiro lugar, no que respecta á frecuencia de conexión, atópanse diferenzas significativas entre o 1º e o 2º ciclo da ESO. Os estudantes de 2º ciclo conéctanse máis a diario (69.9%). O mesmo acontece co tempo de conexión, onde un 32.7% dedica máis de 2h. ao día a Internet. En definitiva, **tanto a frecuencia ( $\chi^2=103.92$ ; Sig<0.001), como o tempo de conexión ( $\chi^2=31.09$ ; Sig<0.001), aumentarían significativamente coa idade.**




Figura 77. Frecuencia de uso segundo o ciclo





Figura 78. Tempo de conexión ao día segundo o ciclo

Polo que se refire aos **lugares e horarios de conexión**, tamén se aprecian diferenzas significativas entre os estudantes de 1º e 2º ciclo da ESO. A pesar de que




en ambos casos a casa propia é claramente o principal lugar dende onde se conectan a Internet, polo xeral os maiores tenden a utilizar en maior medida todo o abano de opcións de conexión aínda que comparativamente máis o *móbil* ( $\chi^2=22.46$ ; Sig<0.001), a *conexión Wifi* ( $\chi^2=15.15$ ; Sig<0.001) e incluso a *escola* ( $\chi^2=8.96$ ; Sig<0.005), o que denota un maior grao de autonomía.




**Figura 79.** Lugares de conexión segundo ciclo

No tocante aos horarios de conexión, obsérvanse tamén diferenzas significativas. A pesar de que nos dous casos a principal franxa horaria de conexión é a tarde, entre as 16h e as 21h, obsérvase que a medida que avanza o día son os estudantes de segundo ciclo os que máis se conectan. Entre as 21 e 24h adoitaría conectarse un 49.7% ( $\chi^2= 105.63$ ; Sig<0.001), e a partir das 24h un 7.1% ( $\chi^2=6.90$ ; Sig<0.005).



**Figura 80.** Horarios de conexión segundo o ciclo


Outra cuestión interesante referíase ao volume de adolescentes que dispoñen de **Internet no seu cuarto**. A análise realizada revelou que tamén existen diferenzas significativas segundo o ciclo, sendo os estudantes de 3º e 4º da ESO os que máis dispoñen de Internet no seu cuarto ( $\chi^2=4.26$ ; Sig<0.05), en concreto, ata un 63.2%.



**Figura 81.** Porcentaxe de individuos que dispoñen de conexión a Internet no seu cuarto segundo o ciclo

### 3.2.2.2. Motivacións de uso de Internet


En canto ás motivacións á hora de utilizar Internet, aínda que a pauta atopada é moi similar, si se observan algunhas diferenzas de grao. En concreto, os/as mozos/as de 2º ciclo farían un aproveitamento maior das potencialidades de Internet, na medida en que realizan *buscas de información de todo tipo* en maior medida que os do 1º ciclo ( $\chi^2=20.98$ ; Sig<0.001), realizan máis *visitas ás súas redes sociais cando se conectan a Internet* ( $\chi^2= 66.74$ ; Sig<0.001), *ven series, películas, partidos...* ( $\chi^2=32.21$ ; Sig<0.001) realizan *descargas a través da rede* ( $\chi^2=68.39$ ; Sig<0.001), *fan compras* ( $\chi^2= 18.67$ ; Sig<0.001) e *len o xornal* ( $\chi^2=9.18$ ; Sig<0.005). Non obstante, curiosamente son os estudantes de 1º ciclo os que participan comparativamente máis en xogos *on-line* ( $\chi^2=19.65$ ; Sig<0.001), ata un 34.1%.



**Figura 82.** Motivacións de uso de Internet segundo o ciclo


### 3.2.2.3. Barreiras de uso de Internet

Cando se pregunta aos/as mozos/as que non utilizan Internet polas posibles razóns, a principal resposta en ambos ciclos é a **non dispoñibilidade de conexión**. Aínda así entre os máis novos/as é comparativamente maior a falla de interese cara a Internet, así como a desconfianza.



**Figura 83.** Barreiras á conexión a Internet segundo o ciclo


Por outra banda, unha porcentaxe relativamente elevada de mozos/as tanto de 1º como de 2º ciclo **manifesta non conectarse todo o que lle gustaría**.




**Figura 84.** Porcentaxe de individuos que NON se conectan todo o que lle gustaría segundo o ciclo

### 3.2.2.4. Información sobre Internet

No que respecta á información sobre Internet, tras realizar as análises correspondentes atopouse que os estudantes de 2º ciclo consideran estar algo mellor informados que os de 1º ciclo ( $\chi^2=11.20$ ; Sig<0.05), aínda que posiblemente menos do que puidera agardarse, xa que en termos cuantitativos as diferenzas son escasas.




**Figura 85.** Nivel de información percibido respecto a Internet segundo ciclo




**Figura 86.** Nivel de coñecemento medio respecto a Internet segundo ciclo

Polo que se refire ás fontes de información, os/as mozos/as de 2º ciclo son máis *autodidactas* ( $\chi^2=62.56$ ; Sig<0.001) e acoden comparativamente máis *aos seus*

*amigos* ( $\chi^2=48.27$ ; Sig<0.001), mentres que os de 1º ciclo son tamén autodidactas, pero acoden moito tamén aos seus *familiares* ( $\chi^2=10.54$ ; Sig<0.005).



**Figura 87.** Distribución das fontes de información segundo ciclo




**Figura 88.** Demandas de información segundo ciclo

No que respecta ás posibles demandas de información, obsérvanse diferenzas significativas entre os temas que suscitan maior interese: os *aspectos técnicos* ( $\chi^2=16.50$ ; Sig<0.001) e a *seguridade e confidencialidade en Internet* ( $\chi^2=28.09$ ;


Sig<0.001) son os máis demandados polos estudantes de 3º e 4º da ESO. O interese polas *redes sociais* é compartido por ambos ciclos.

### 3.2.2.5. Utilización do correo electrónico

A dispoñibilidade de correo electrónico é significativamente maior ( $\chi^2=57.10$ ; Sig<0.001) no caso dos estudantes de 2º ciclo (94.6% fronte a un 85.2%). En canto ao número de contas os resultados son similares.




**Figura 89.** Porcentaxe de individuos que empregan o correo electrónico segundo o ciclo



**Figura 90.** Número de contas das que dispoñen os/as mozos/as segundo o ciclo

Polo que se refire á frecuencia de consulta do correo, as respostas atopadas son moi variadas, pero obsérvase que neste caso son os estudantes de 1º ciclo os que consultan o seu correo cunha frecuencia maior ( $\chi^2=15.59$ ; Sig<0.005), posiblemente porque os de segundo ciclo teñan un maior abano de alternativas.







**Figura 91.** Frecuencia de consulta de correo electrónico segundo o ciclo

### 3.2.2.6. Utilización do messenger e da cámara web

Polo que se refire á dispoñibilidade e uso do Messenger, aprécianse diferenzas significativas a nivel de dispoñibilidade ( $\chi^2=37.98$ ; Sig<0.001), pero non de uso. O mesmo sucede coa web cam ( $\chi^2=6.87$ ; Sig<0.01). Son os/as mozos/as de segundo ciclo da ESO os que máis dispoñen de messenger e cámara web, pero úsanos por igual.



**Figura 92.** Utilización do messenger segundo o ciclo



**Figura 93.** Utilización da web cam segundo o ciclo

### 3.2.2.7. As redes sociais

O nivel de coñecemento das redes sociais entre os estudantes de ESO na comunidade galega é moi elevado, tanto no 1º como no 2º ciclo. Tuenti e Facebook son claramente as dúas redes máis coñecidas, seguidas de Twitter. Obsérvanse, non obstante, certas diferenzas de grao. Polo xeral os estudantes de 2º ciclo teñen un coñecemento significativamente maior de todas as redes, o mesmo que acontece co rexistro nestas.




Figura 94. Coñecemento das diferentes redes sociais segundo o ciclo






Figura 95. Rexistro nas diferentes redes sociais segundo ciclo



**Figura 96.** Número de redes sociais nas que estás rexistrado segundo o ciclo

A cantidade de redes sociais ás que están conectados/as si depende do ciclo. Os estudantes de 3º e 4º de ESO están comparativamente rexistrados en maior número de redes que os de 1º ciclo ( $\chi^2=155.86$ ; Sig<0.001).

Cando se pregunta polas principais motivacións que os levan a facer uso das redes sociais, a pauta de resultados é similar en ambos casos, aludindo sobre todo a dúas cuestións: **falar con amigos e familiares** e **ver fotos, chatear e facer comentarios**. Cómpre sinalar, non obstante, que os estudantes de 2º ciclo darían unha importancia maior a todo o que é a interacción en si mesma, así como a *facen novos amigos*. Comparativamente os que cursan 1º ciclo participarían mais en *xogos on-line*.



**Figura 97.** Motivacións de uso das redes sociais segundo o ciclo

Así mesmo, a distribución de contactos por xénero e idade é similar en ambos ciclos.




Figura 98. Distribución de contactos por xénero segundo o ciclo





Figura 99. Distribución de contactos por idade segundo o ciclo

Por último, cando se pregunta polo contacto de maior idade, a porcentaxe de individuos de 1º ciclo que teñen **polo menos un contacto maior de 30 anos é de 19.2%, mentres que no caso dos de 2º ciclo é de 26.4%, dato que resulta en certa medida razoable.**

### 3.2.2.8. Actitudes e crenzas cara a Internet e as redes sociais

O tipo de actitudes e crenzas que manteñen os/as mozos/as cara a Internet e ás redes sociais é moi similar en ambos ciclos.



**Figura 100.** Grao de acordo medio coas diferentes afirmacións segundo o ciclo

Unicamente se aprecian diferenzas salientables no que se refire a algunhas cuestións concretas: os estudantes de 1º ciclo son os que atribúen un maior risco ou perigosidade ás redes sociais, os que se senten máis cómodos falando a través da rede que en persoa e os que consideran que as redes sociais son unha perda de tempo. Pola súa parte, os mozos/as de 3º e 4º de ESO consideran que Internet é unha boa forma de estar ó día, como tamén unha boa maneira de facer amigos/as; amosan unha maior predilección por facer comentarios en Facebook ou Tuenti e recibir respostas, aínda que tamén afirman que se pode chegar a facer un uso excesivo ou pouco axeitado de Internet e das redes sociais.



### 3.2.2.9. O papel dos pais

A nivel xeral tense comprobado que tan só no 46% dos casos existe un control por parte dos pais no uso de Internet. Este control sería moi similar en ambos ciclos.




Figura 101. Control dos pais no uso de Internet segundo o ciclo

Si habería que salientar que o 27.3% dos alumnos de 2º ciclo que utilizan Internet manifestan ter discusións cos seus pais polo seu uso, o que representa unha diferenza significativa con respecto aos de 1º ciclo ( $\chi^2=91.78$ ; Sig<0.001), onde a porcentaxe é tan só dun 14.7%.






Figura 102. Porcentaxe de individuos con discusións na casa por causa de Internet segundo o ciclo

### 3.2.2.10. Posible ciberdependencia

O nivel de dependencia medio atopado é maior no caso dos mozos/as de 2º ciclo que no de 1º. Na mesma liña, **a porcentaxe de individuos en risco de dependencia sería significativamente maior** ( $\chi^2=16.93$ ; Sig<0.001), situándose nun 21% no 1º ciclo e no 28.4% no 2º.




**Figura 103.** Nivel de dependencia medio estimado segundo o ciclo



**Figura 104.** Porcentaxe de individuos en risco de dependencia segundo o ciclo

### 3.2.2.11 Usos potencialmente perigosos

Os estudantes de 2º ciclo recoñecen *subir fotos nas redes sociais* en maior medida que os de 1º ( $t=-9.40$ ;  $p<0.001$ ), *fan máis descargas de películas, series...* ( $t=-9.55$ ;  $p<0.001$ ) e empregan as redes sociais para *ligar* ( $t=-6.29$ ;  $p<0.001$ ).



**Figura 105.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet segundo o ciclo

### 3.2.3. Resultados por titularidade

#### 3.2.3.1. Hábitos de uso de Internet

En primeiro lugar, no que respecta á frecuencia de conexión, atópanse diferenzas significativas segundo a titularidade de centro, sendo os estudantes dos colexios privados e concertados os que se conectan máis a miúdo ( $\chi^2 = 17.56$ ; Sig < 0.005). Non se atoparon diferenzas significativas no tocante ao tempo de conexión.




Figura 106. Frecuencia de uso segundo a titularidade






Figura 107. Tempo de conexión ao día segundo a titularidade

Polo que se refire aos **lugares e horarios de conexión** tamén se aprecian diferenzas significativas, sendo os alumnos de colexios privados ou concertados os que utilizan en maior medida as diferentes opcións, especialmente o *móbil* ( $\chi^2 = 25.39$ ; Sig<0.001), a *conexión Wifi* ( $\chi^2 = 20.61$ ; Sig<0.001) e a *súa propia casa* ( $\chi^2 = 27.02$ ; Sig<0.001).

No tocante ao horario de conexión, a pesar de que a principal franxa de conexión é nos dous casos entre as 16h e as 21h, os estudantes de colexios privados e concertados comparativamente conéctanse máis entre as 21 e 24h. ( $\chi^2 = 30.78$ ; Sig<0.001), así como tamén nas horas máis avanzadas da noite ( $\chi^2 = 8.61$ ; Sig<0.005).




**Figura 108.** Lugares de conexión segundo a titularidade



**Figura 109.** Horarios de conexión segundo a titularidade


Unha cuestión especialmente interesante referíase ao volume de adolescentes que dispoñen de **Internet no seu cuarto**. A análise realizada revela que tamén existen diferenzas significativas segundo a titularidade. Os estudantes de colexios privados/concertados son os que máis dispoñen de Internet no seu cuarto ( $\chi^2=4.58$ ; Sig<0.05).



**Figura 110.** Porcentaxe de individuos que dispoñen de conexión a Internet no seu cuarto segundo a titularidade

### 3.2.3.2. Motivacións de uso de Internet

Non se teñen atopado diferenzas significativas no eido motivacional. En ambos casos as motivacións á hora de utilizar Internet son similares.



**Figura 111.** Motivacións de uso de Internet segundo a titularidade

### 3.2.3.3. Barreiras de uso de Internet

Cando se pregunta aos/ás mozos/as que non utilizan Internet polas posibles razóns, a principal resposta é a **non dispoñibilidade de conexión**, independentemente do tipo de centro no que estuden.




Figura 112. Barreiras ao uso de Internet segundo a titularidade

A porcentaxe de mozos/as que **manifestan non conectarse todo o que lle gustaría** é tamén similar en ambos grupos.





Figura 113. Porcentaxe de individuos que NON se conectan todo o que lle gustaría segundo a titularidade




### 3.2.3.4. Información sobre Internet

Outro dos temas *a priori* interesantes era explorar o nivel de coñecemento dos adolescentes sobre Internet. Non se atoparon diferenzas significativas ao respecto.




**Figura 114.** Nivel de información percibido respecto a Internet segundo a titularidade




**Figura 115.** Nivel de coñecemento medio respecto a Internet segundo a titularidade

Polo que se refire ás fontes de información, os/as mozos/as de colexios privados/concertados considéranse comparativamente máis *autodidactas* ( $\chi^2=4.91$ ; Sig<0.05) e acudirían máis *aos seus familiares* ( $\chi^2=6.49$ ; Sig<0.05) para obter información sobre Internet.



**Figura 116.** Distribución das fontes de información segundo a titularidade




**Figura 117.** Demanda de información segundo a titularidade


No que respecta ás posibles demandas de información, obsérvanse diferenzas significativas coas *redes sociais* ( $\chi^2=8.86$ ; Sig<0.005), máis demandadas polos estudantes de colexios privados ou concertados, mentres que a *busca de información xeral en Internet* ( $\chi^2=7.07$ ; Sig<0.01) suscitaría comparativamente maior interese entre os alumnos de centros públicos.

### 3.2.3.5. Utilización do correo electrónico

A dispoñibilidade de correo electrónico é algo maior no caso dos estudantes de colexios privado/concertados ( $\chi^2=4.05$ ; Sig<0.05). En canto ao número de contas, os resultados son similares.




**Figura 118.** Porcentaxe de individuos que empregan o correo segundo a titularidade



**Figura 119.** Número de contas que dispoñen os mozos/as segundo a titularidade


Polo que se refire á frecuencia de consulta do correo, as respostas atopadas son moi variadas, aínda que serían os alumnos de colexios públicos os que consultan o correo cunha frecuencia maior ( $\chi^2=15.47$ ; Sig<0.005).




**Figura 120.** Frecuencia de consulta de correo electrónico segundo a titularidade

### 3.2.3.6. Utilización do messenger e da cámara web

A dispoñibilidade e uso do messenger é moi similar en ambos casos, non así no caso da web cam, estando algo máis estendida entre os estudantes dos colexios privado/concertados ( $\chi^2=9.96$ ; Sig<0.005).



**Figura 121.** Utilización do messenger segundo a titularidade



**Figura 122.** Utilización da web cam segundo a titularidade

### 3.2.3.7. As redes sociais

O nivel de coñecemento das redes sociais entre os estudantes de ESO na comunidade galega é moi elevado, tanto nos colexios públicos como nos privado/concertados. Tuenti e Facebook son claramente as dúas redes máis coñecidas. Sen embargo, obsérvanse diferenzas significativas tanto con Twitter ( $\chi^2=7.16$ ; Sig<0.01) como con Myspace ( $\chi^2=15.65$ ; Sig<0.001), sendo os estudantes de colexios privado/concertados os que terían un coñecemento maior, e os que máis as utilizarían.




Figura 123. Coñecemento das diferentes redes sociais segundo a titularidade





Figura 124. Rexistro nas diferentes redes sociais segundo a titularidade




**Figura 125.** Número de redes sociais nas que se rexistran segundo a titularidade

O número de redes sociais nas que os mozos/as están rexistrados non se ve afectado pola titularidade do Centro.


Cando se pregunta polas principais motivacións polas que facer uso das redes sociais, a pauta de resultados é similar en ambos casos. Cómpre sinalar non obstante que os estudantes de colexios privados ou concertados darían unha importancia comparativamente maior á posibilidade de *comunicarse gratis a través das redes sociais*, permanecer en *contacto con aqueles familiares ou amigos aos que non ven a miúdo* e *participar nos xogos on-line*. Pola súa banda, os alumnos de colexios públicos empregarían as redes Sociais máis como un medio de entretemento e para quedar con amigos/as.






**Figura 126.** Motivacións de uso das redes sociais segundo a titularidade

Asemade, como se pode observar nas figuras seguintes, a distribución de xénero e idade dos contactos agregados nas redes sociais é moi similar en ambos casos.



**Figura 127.** Distribución de contactos por xénero segundo a titularidade




**Figura 128.** Distribución de contactos por idade segundo a titularidade

Cando se pregunta acerca do contacto de maior idade, as respostas son moi similares nos dous grupos. No caso dos **alumnos de colexios públicos a porcentaxe de individuos que teñen polo menos un contacto maior de 30 anos é de 22.6%, mentres que no caso dos colexios privados e concertados é de 23.8%.**

### 3.2.3.8. Actitudes e crezas cara a Internet e as Redes Sociais

O tipo de actitudes e crezas que manteñen os adolescentes galegos cara a Internet e as redes sociais non semella diferir en ambos tipos de centros.



**Figura 129.** Grao de acordo medio coas diferentes afirmacións segundo titularidade

Unicamente se aprecian diferencias salientables no que se refire a algunhas cuestións concretas: os estudantes de colexios públicos son os que amosan unha maior predilección por agregar cada vez máis amigos en Facebook ou Tuenti e, tamén os que comparativamente parecen estar máis interesados en empregar Internet como axuda nos seus estudos.

### 3.2.3.9. O papel dos pais

O control patenal é algo maior no caso dos estudantes de colexios privados e concertados ( $\chi^2=7.32$ ; Sig<0.05).




Figura 130. Control dos pais no uso de Internet segundo a titularidade

Do mesmo modo, a porcentaxe de mozos/as que recoñecen ter discusións cos seus pais polo uso de Internet é significativamente maior ( $\chi^2=14.76$ ; Sig<0.01) no caso dos alumnos de centros privados ou concertados (23.8% fronte a un 19.7%).






Figura 131. Porcentaxe de individuos con discusións por causa de Internet segundo a titularidade

### 3.2.3.10. Posible ciberdependencia

A puntuación media na escala de dependencia é maior no caso dos estudantes de colexios privado/concertados. Ademais, tamén presentan unha **percentaxe de individuos en risco de dependencia significativamente maior** ( $\chi^2=7.36$ ; Sig<0.01) - 28.3% fronte a un 23% -.




**Figura 132.** Nivel de dependencia medio estimado segundo a titularidade



**Figura 133.** Porcentaxe de individuos en risco de dependencia segundo a titularidade

### 3.2.3.11. Usos potencialmente perigosos

En canto aos usos perigosos da rede, non se atopan diferenzas significativas segundo a titularidade do centro.




**Figura 134.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet segundo a titularidade


### 3.2.4. Resultados por provincia

#### 3.2.4.1. Hábitos de uso de Internet

En primeiro lugar, no que respecta á frecuencia e o tempo de conexión non se atopan diferenzas significativas entre as diferentes provincias.



**Figura 135.** Frecuencia de uso segundo a provincia




**Figura 136.** Tempo de conexión ao día segundo a provincia




Polo que se refire aos **lugares e horarios de conexión**, si se aprecian algunhas diferenzas dignas de mención. En concreto, serían os estudantes de Ourense os que empregan comparativamente mais o *móbil* ( $\chi^2 = 11.32$ ; Sig<0.05) e a *conexión Wifi* ( $\chi^2 = 8.45$ ; Sig<0.05) mentres que A Coruña, o propio *colexio* ( $\chi^2 = 9.53$ ; Sig<0.05).

No tocante ao horario de conexión, a pauta seguida polos adolescentes é moi similar nas catro provincias.




**Figura 137.** Lugares de conexión segundo a provincia



**Figura 138.** Horarios de conexión segundo a provincia

Unha cuestión de especial interese referíase ao volume de adolescentes que dispoñen de **Internet no seu cuarto**. A análise realizada revela que non existen tampouco diferenzas estatisticamente significativas segundo a provincia.



**Figura 139.** Porcentaxe de individuos que dispoñen de conexión a Internet no seu cuarto segundo a provincia

### 3.2.4.2. Motivacións de uso de Internet

As motivacións á hora de utilizar Internet son múltiples e variadas, pero polo xeral, comúns entre os estudantes da comunidade galega.





Figura 140. Motivacións de uso de Internet segundo a provincia


### 3.2.4.3. Barreiras de uso de Internet

Cando se pregunta aos/ás mozos/as que non utilizan Internet polas posibles razóns, a principal resposta é a **non dispoñibilidade de conexión** en todas as provincias. Sen embargo, obsérvanse diferenzas significativas con respecto á prohibición dos pais, onde comparativamente Pontevedra presenta a porcentaxe maior e Ourense a menor. ( $\chi^2 = 10.02$ ;  $\text{Sig} < 0.05$ ).



**Figura 141.** Barreiras de uso de Internet segundo a provincia


A porcentaxe de mozos/as que manifesta non conectarse todo o que lle gustaría é similar nos catro casos.




**Figura 142.** Porcentaxe de individuos que NON se conectan todo o que lle gustaría segundo a provincia

### 3.2.4.4. Información sobre Internet

O nivel de información percibido dos adolescentes sobre Internet é independente da Provincia, aínda que lixeiramente inferior no caso de Ourense.




**Figura 143.** Nivel de información percibido respecto a Internet segundo a provincia




**Figura 144.** Nivel de coñecemento medio respecto a Internet segundo a provincia

Polo que se refire ás fontes de información, os resultados son similares entre as diferentes provincias. Se ben a utilización da escola como fonte de información sobre Internet sería maior nas provincias de Pontevedra e A Coruña ( $\chi^2=10.10$ ; Sig<0.05).



**Figura 145.** Distribución das fontes de Información segundo a provincia




**Figura 146.** Demandas de información segundo a provincia

En canto ás posibles demandas de información, os resultados son similares nas catro provincias.




### 3.2.4.5. Utilización do correo electrónico

A dispoñibilidade de correo electrónico é significativamente menor na provincia de Ourense ( $\chi^2=22.38$ ; Sig<0.001), sobre todo se se compara con Lugo e A Coruña. O mesmo pode dicirse respecto ao número de contas ( $\chi^2=85.66$ ; Sig<0.005).




**Figura 147.** Porcentaxe de individuos que empregan o correo electrónico segundo a provincia



**Figura 148.** Número de contas das que dispoñen os mozos/as segundo a provincia

Polo que se refire á frecuencia de consulta do correo, as respostas atopadas son moi variadas, en non chegan a atoparse diferenzas significativas.



**Figura 149.** Frecuencia de consulta de correo electrónico segundo a provincia

### 3.2.4.6. Utilización do messenger e da cámara web

Polo que se refire á dispoñibilidade de messenger, non se observan diferenzas significativas entre as catro provincias. Si se aprecian cando comparamos o seu uso, sendo Lugo a provincia onde se obtén unha porcentaxe significativamente maior ( $\chi^2=16.61$ ; Sig<0.01). Non se aprecian diferenzas salientables no caso da web cam.




Figura 150. Utilización do messenger segundo a provincia





Figura 151. Utilización da Web cam segundo a provincia

### 3.2.4.7. As redes sociais

Nas catro provincias as redes sociais máis coñecidas e utilizadas son **Tuenti e Facebook**, seguida de Twitter e Myspace. O número de redes sociais nas que están rexistrados os adolescentes non se ve afectado pola provincia onde residen.



**Figura 152.** Coñecemento das diferentes redes sociais segundo a provincia




Figura 153. Rexistro nas diferentes redes sociais segundo a provincia





Figura 154. Número de redes sociais nas que estás rexistrado segundo a provincia

Polo que se refire ás motivacións que levan a facer uso das redes sociais, os resultados son similares nas catro provincias.



**Figura 155.** Motivacións de uso de Internet segundo provincia

Así mesmo, como se pode observar nas figuras seguintes, a distribución de contactos por idade e xénero é similar nas catro provincias.




Figura 156. Distribución de contactos por xénero segundo a provincia




Figura 157. Distribución de contactos por idade segundo a provincia

Cando se pregunta acerca do contacto de maior idade os resultados son similares, a excepción da provincia de Lugo, onde a porcentaxe de individuos que teñen polo menos un contacto maior de 30 anos ascende ata o 30.6%, mentres que no caso de Ourense é de 22.4%; A Coruña, 22.1% e Pontevedra, 21.9%.

### 3.2.4.8. Actitudes e crenzas cara a Internet e as redes sociais

O tipo de actitudes e crenzas que manteñen os mozos/as cara a Internet e ás redes sociais é tamén similar.




Figura 158. Grao de acordo medio coas diferentes afirmacións segundo a provincia



### 3.2.4.9. O papel dos pais

Non se observan diferenzas significativas no que se refire ao control exercido por parte dos pais, nin no que respecta ás discusións polo uso de Internet.




Figura 159. Control dos pais no uso de Internet segundo a provincia






Figura 160. Porcentaxe de individuos que tiveron discusións por Internet segundo a provincia

### 3.2.4.10. Posible ciberdependencia

A puntuación media na escala de dependencia é similar en tódalas provincias, sen chegar a observarse tampouco diferenzas significativas no que respecta á **porcentaxe de individuos en risco de dependencia, aínda que é algo maior nas provincias de Pontevedra e A Coruña.**




**Figura 161.** Nivel de dependencia medio estimado segundo a provincia



**Figura 162.** Porcentaxe de individuos en risco de dependencia segundo a provincia

### 3.2.4.11 Usos potencialmente perigosos

En canto aos usos perigosos da rede, os/as mozos/as de Ourense recoñecen en maior medida entrar en páxinas pouco axeitadas para a súa idade ( $F=2.79$ ;  $p<0.05$ ). O resto dos valores son moi similares en toda a comunidade.



**Figura 163.** Grao de acordo medio con cada afirmación relacionada co uso perigoso de Internet segundo a provincia

TERCEIRA PARTE  
CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

## 1. Conclusións do estudo estatístico

O estudo estatístico efectuado, referido aos adolescentes galegos, permite extraer diversas conclusións, que mostramos no presente epígrafe. Para mellorar a súa exposición agrupámolas en diversos subapartados.

A conclusión xeral deste estudo sería a constatación do **alto grao de implantación de Internet** na poboación obxecto de análise. Os adolescentes galegos coñecen e utilizan de maneira masiva Internet. Posiblemente as cifras obtidas non xustifiquen unha actitude alarmista, pero si revelan **un contexto relativamente preocupante**. Os datos recolleitos permiten estimar que 1 de cada 4 adolescentes fai un uso perigoso de Internet e as redes sociais, que mesmo podía interpretarse como un elevado risco de dependencia.

Esta análise realizada, as súas conclusións e outras fontes de información empregadas, levarannos a formular, no apartado seguinte desta terceira parte, unha serie de recomendacións. En todo caso, a realidade que describen os datos esixe a implantación de medidas preventivas áxiles e adecuadas, concienciando e preparando á poboación para poder afrontar os cambios vertixinosos aos que está exposta.

### 1.1. Hábitos de uso

Un primeiro dato de interese que se deriva do estudo estatístico efectuado é que, segundo os datos solicitados, **aproximadamente o 60% dos adolescentes galegos se conecta a Internet practicamente todos os días**. De forma complementaria, poderíase afirmar tamén que **9 de cada 10 fan un uso regular de Internet, conectándose cunha frecuencia polo menos semanal**. Por outra banda, aqueles que usan Internet conéctanse polo xeral entre 1 e 2 horas ao día (45.8%). De igual forma, hai que subliñar que un 10.5% se conecta máis de 3 horas ao día. Un dato complementario é que **o 36.2% dos participantes no estudo afirman que non se conectan todo o que lles gustaría**.

A pesar de que **non se aprecian diferenzas significativas nin por xénero, nin por provincia**, si se atoparon diferenzas segundo o ciclo cursado e a titularidade do centro. En concreto, o uso de Internet é maior entre os alumnos de 2º ciclo e de colexios privados/concertados.

Con respecto aos lugares e horarios de conexión, **o habitual é que os adolescentes se conecten sobre todo desde a súa casa (88.1%) ou desde a casa de familiares ou amigos (22.7%)**. Hai que apuntar tamén que o 15.8% se conecta habitualmente a través do seu teléfono móbil. Outro dato importante é que **o 55% da poboación obxecto de estudo disporía de conexión a Internet no seu propio cuarto**.

**A franxa horaria na que habitualmente se conectan a Internet é a tarde, entre as 16h e as 21h (56.8%)**. No entanto, **case un 40% se conecta tamén entre as 9 e as 12 da noite e un 5.8% a partir da medianoite**. Atopouse tamén que os alumnos de 2º ciclo e de colexios privados/concertados tenden a conectarse en maior medida nas franxas máis avanzadas do día, sendo ademais os segmentos onde se atopou unha porcentaxe maior de adolescentes con Internet no seu cuarto.

### *1.2. Motivacións*

Polo que se refire ás **motivacións de uso de Internet**, a principal é (1) **facer uso das redes sociais** (85%), seguido de (2) **descargar/baixar materiais** (música, películas, vídeos, imaxes, etc.) (64.4%), (3) **buscar información relacionada cos estudos** (60.2%) e (4) **usar o correo electrónico** (52.1%). É necesario tamén destacar que un 29.7% dos adolescentes que usan Internet serían usuarios de **xogos on-line**, porcentaxe que equivalería ao **28.2% en termos absolutos**. Na comparativa por xénero atopáronse diferenzas dignas de mención. En concreto, as mozas buscarían información relacionada cos estudos en maior medida que os mozos, e interactuarían máis nas redes sociais. Pola súa banda, os mozos, comparativamente, dedicarían máis tempo a ver series, películas e partidos..., a participar en xogos *on-line* ou webs de apostas e a ler o xornal.

### *1.3. Barreiras*

Cando se tenta indagar sobre as posibles barreiras de uso de Internet e se pregunta aos mozos que non utilizan Internet polas posibles razóns diso, a principal resposta é a **non dispoñibilidade de conexión** (37.9%), seguido da **falta de interese** ou escasa utilidade que lle atribúen (27.6%) e do **impedimento por parte dos seus pais (22.4%)**.

#### *1.4. Nivel e demandas de información*

